MOITO QUE CONTAR

Boletín informativo do CONSELLO AUTONÓMICO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Boletín CAIA 35 outubro 2026



Ferrol reactiva o seu Consello Local de Infancia e Adolescencia

O Concello de Ferrol anunciou a reactivación do seu Consello Local de Infancia e Adolescencia, un espazo consultivo e participativo destinado a que nenos, nenas e adolescentes poidan trasladar as súas opinións, necesidades e propostas sobre os asuntos que lles afectan. A iniciativa prevé reunións mensuais para incorporar a súa perspectiva ás políticas municipais e avanzar cara a unha cidade máis adaptada á infancia. A primeira sesión estaba convocada para o 2 de outubro.



Galicia e UNICEF reforzan a colaboración para protexer os dereitos da infancia e impulsar a súa participación

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, reuniuse coas presidentas de UNICEF España e UNICEF Galicia, María Ángeles Espinosa e María Montalvo, respectivamente, para abordar a protección e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes. Durante o encontro, destacou a colaboración entre a Xunta e UNICEF e o impulso da primeira Lei Galega de Infancia e Adolescencia, na que a organización participou activamente.



A POIG reforza o traballo en rede para defender os dereitos da infancia en Galicia

A Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia (POIG) celebrou o 6 de outubro en Santiago de Compostela a súa Asemblea Xeral, un encontro no que as entidades membro fixeron balance do traballo realizado durante 2026 e compartiron os principais retos e liñas de actuación para os vindeiros meses. Entre os temas abordados estiveron a protección da infancia, a participación infantil e adolescente, a educación e a saúde mental.

MOITO QUE CONTAR

Boletín informativo do CONSELLO AUTONÓMICO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA



A Xunta abre a inscrición para un foro estatal sobre prevención do abuso sexual infantil

A Xunta anunciou a apertura das inscricións para a quinta edición do Foro Xuntos contra os Abusos, prevista para o 12 de novembro na Escola Galega de Administración Pública, en Santiago de Compostela. O encontro reunirá profesionais dos ámbitos social, xurídico e sanitario para abordar a prevención, a detección temperá e a atención ás vítimas de violencia sexual na infancia, incluíndo a situación dos nenos e nenas con discapacidade

Galicia prepara unha nova edición do Foro de Participación Infantil polo 20N

A Xunta de Galicia, UNICEF España, UNICEF Galicia e o Parlamento de Galicia avanzan na preparación dunha nova edición do Foro de Participación Infantil, previsto no marco da conmemoración do Día Mundial da Infancia, o vindeiro 20 de novembro.

A iniciativa enmárcase nun proceso máis amplo de promoción dos dereitos da infancia, no que nenos, nenas e adolescentes de entre 6 e 17 anos participan en actividades de reflexión e elaboración de propostas sobre cuestións que lles afectan directamente.

O encontro do 20N será unha oportunidade para visibilizar a voz da infancia e trasladar as súas propostas ás persoas responsables das políticas públicas, reforzando o seu papel como suxeitos de dereitos e protagonistas da participación democrática





A Fundación Meniños celebra 30 anos traballando polos dereitos da infancia en Galicia

A Fundación Meniños conmemorou o seu 30º aniversario en A Coruña coa presentación do proxecto audiovisual «30 historias. 30 anos», que reúne os testemuños de trinta persoas vinculadas á entidade ao longo da súa traxectoria. A iniciativa dá voz a familias, profesionais e colaboradores para visibilizar experiencias de superación e amosar a importancia do acompañamento aos nenos, nenas, adolescentes e familias que atravesan situacións de vulnerabilidade.

MOITO QUE CONTAR

Boletín informativo do CONSELLO AUTONÓMICO DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Experiencias de aquí e de alá

As cidades do futuro tamén deben escoitar a infancia



UNICEF España propón incorporar a perspectiva dos nenos, nenas e adolescentes ao Smart City Expo World Congress, un dos principais encontros internacionais sobre innovación e futuro das cidades, que se celebrará en Barcelona do 3 ao 5 de novembro de 2026.



A infancia, presente nos compromisos dos partidos políticos

UNICEF España publicou “La infancia en un sobre”, un documento de propostas para as eleccións xerais do 29 de novembro. Inclúe medidas sobre pobreza infantil, saúde mental, educación, contorno dixital e protección da infancia migrante. A organización elaborou as propostas xunto co seu Consello Asesor de Infancia, co obxectivo de que os dereitos dos nenos e nenas estean presentes nos programas electorais

Un conto interactivo axuda a nenos e nenas a afrontar o medo tras unha emerxencia



A organización venezolana Cecodap, co apoio de Plan International e o financiamento de UK Aid, publicou El día que la Tierra se movió, un conto e caderno interactivo gratuíto destinado a axudar a nenos e nenas a xestionar o medo e recuperar a seguridade emocional tras un terremoto ou outra situación de emerxencia.

O recurso combina unha historia infantil con actividades para identificar e expresar emocións, exercicios de respiración e relaxación, e propostas para recoñecer lugares seguros e preparar unha mochila de emerxencia. Tamén ofrece orientacións para que familias e profesionais educativos acompañen a infancia neste proceso



A infancia de Valladolid deseña unha nova canle para facer chegar as súas propostas

O Consello Municipal da Infancia de Valladolid participa no deseño dun novo buzón de suxestións para que a o resto de nenos e nenas da cidade poidan expresar as súas opinións, compartir ideas e trasladar as súas necesidades ás institucións municipais.

Reforzando así o papel dos órganos de participación infantil como espazos nos que a infancia pode exercer o seu dereito a ser escoitada e contribuír á mellora da súa contorna. Contar con canles accesibles para recoller as súas achegas é fundamental para que as súas opinións se teñan en conta nas decisións que afectan á súa vida cotiá